

A VIDA NA ALDEA

Eu nacín nun cidade de Galicia pero cando tiña dez anos pasei a ser un rapaz de aldea. O cambio comezou o día que meu pai que é enxeñeiro forestal decidiu deixar o seu traballo de oficina para empezar a traballar nunha aldea do interior de Galicia como coordinador de Medio Ambiente na loita contra os incendios forestais. Ninguén me preguntou que me parecía a idea, pero meus pais estaban tan contentos que eu tamén considerei que o cambio era unha oportunidade.

Por se me quedaba algunha dúbida do que significaba aquel cambio de domicilio miña nai contoume que íamos vivir nunha casa cun xardín enorme e que ao mellor poderíamos ter un can. Tamén me dixo que tiña que ir a unha nova escola onde non habería tantos nenos na aula e iso sería bo para min porque aprendería máis e mellor. Eu só preguntei se podería seguir tendo clases de karate.

O día que chegamos á nosa nova casa era un día de chuvia e néboa baixa, non vimos a ninguén aínda que ao lado da nosa había dúas casas máis. Era cedo pola mañá, e decidín ir dar unha volta para ver que había alí ao redor; a nosa casa e as outras dúas eran moi parecidas: de pedra con ventás pequenas de aluminio, tiñan veiga ao redor pero a nosa veiga era a máis grande de todas. Nunha das casas vivía un matrimonio de vellos e na outra unha muller sola, non vin ningún rapaz. Cando volví á casa díxenlle a meu pai que alí non había rapaces e que non tiña ninguén con quen falar, xogar ou simplemente pasar o tempo.

Pasou o tempo e aínda non vira a ninguén novo, estaba todo o día na casa ou no xardín intentando axudar á miña nai a deixalo un pouco arranxado, plantando hortensias e quitando malas herbas pero todo aquilo era moi aburrido aínda que miña nai estaba todo o tempo a falar-me e a dicirme que pronto ía empezar a escola e ía coñecer rapaces e rapazas novos que ían ser moi bos comigo. Empecei a pensar que a vida na cidades no era tan aburrida. Agora estaba desexando que empezara de novo o curso escolar, algo impensable cando estaba

vivindo na cidade. Empezaba a volverme un pouco tolo e botaba de menos ir ao parque que estaba a carón da miña casa alí sempre había outros nenos veciños cos que podía xogar o simplemente falar de calquera cousa e se non saía a rúa podía mirar pola ventá e ver quen pasaba. Aquí na aldea non pasaba ningún rapaz polo camiño (nin rapaz nin ningún outra persoa) ao redor había unas veigas con millo e máis arriba xa empezaba o monte cheo de carballos e algún piñeiro. Por enriba dende que chegamos, había unha semana, o tempo estaba chuvioso e con néboa, non ía frío pero a calor aguantábase ben.

Por fin chegou o día de empezar a escola, por increíble que poida parecer estaba contento. Levoume miña nai e alí fomos directamente a secretaría porque como era novo no sabía onde ir, total que foi como cada comezo de curso, a única diferenza foi que como só eramos catorce alumnos fomos os catorce para a mesma aula. Xa cando estabamos a subir a escaleiras un neno chamado Brais empezou a falar comigo, isto sorprendeume un pouco pois eu pensaba que sería eu quen tería que empezar a buscar compañeiros. Polo que Brais me contara a mestre ía ser a mesma que tiveran o ano pasado e segundo el era unha muller de bo corazón que sempre tiraba para arriba nas notas.

Á hora do recreo saímos ao patio que era enorme con un campo para xogar ao fútbol e outro campo para o baloncesto. Brais foi o encargado de presentarme a outros rapaces e rapazas. Eu, que normalmente non era de falar moito de min ou da miña familia, contestei a todas as preguntas que os outros nenos me facían. Á saída estaba agardando miña nai por min e ela tamén estaba a falar con outra muller que non coñecía e que resultou ser a nai de Brais. Despois de contarlle á miña nai como me fora no meu primeiro día de escola no rural ela díxome a min que esa tarde ía vir Brais á nosa casa, así non estaría tan aburrido. Pareceume o mellor plan do mundo, o certo é que miña nai sabía sempre o que me ía por contento.

Despois de merendar, o meu novo amigo propúxome ir dar unha volta para ver o monte e ensinarme unhas casas que estaban abandonadas desde había moito tempo. Dixo que era

como ir de excursión. E alá fomos, monte arriba andando por pistas forestais cheas de toxos e silvas pero ao fin chegamos ás casas das que Brais falaba. Eran catro casas, mellor dito catro restos de casas, paredes de pedra, as construcións xa non tiñas nin teitos, nin ventás e moito menos portas. Imaxinamos como foran as vidas das persoas que viviran alí antes e se agora esas casas terían dono ou non. Brais dixo que nunca fora polo camiño que seguía máis alá das casas e eu animeino a que fósemos investigar que había máis alá. Camiñamos e falamos ao mesmo tempo, a paisaxe seguía a ser a mesma: carballos, xestas, toxos e acevos, dos que meu pai dicía que eran unha especie protexida, a verdade e que non sei por que; alí había acevos por todas partes.

Empezamos a estar cansados de camiñar e non se vía ningunha outra aldea abandonada, así que sentamos enriba dun outeiro e comemos e bebemos o que trouxeramos na mochila. Seguimos camiñando un pouco máis pero xa comezaba a facerse de noite e era hora de regresar. A conversa co meu amigo era do máis interesante, pasabamos dun tema a outro sen parar, de súpeto Brais parou de falar e de camiñar e explicoume que xa deberíamos de ter chegado ás casas abandonadas onde estiveramos antes.

Definitivamente estabamos perdidos, eu sentín medo (de noite e perdidos no monte, a situación non me gustaba nada de nada) pero Brais parecía tranquilo. Eu aínda que quixera axudar ou dar unha idea non tiña nin idea onde estabamos ou por onde había que ir. Estaba claro que desde a aldea perdida a nosa casa, Brais sabía chegar, pero se non dabamos chegado a aldea perdida, non daríamos chegado a miña casa.

Tiña ganas de chorar, pero non quería facer o ridículo. Que vergoña; Así que traguei o medo e escoitei o que Brais dicía. Este rapaz estaba feito de xeo, que frialdade mental; Seguimos camiñando e nada non chegamos a ningún lado e cada vez todo estaba máis escuro. Brais decatouse da miña situación anímica e tranquilizoume. Tiña sorte despois de todo con este amigo novo.

Era noite pechada cando ao lonxe vimos un foco e oímos voces. Estaban a buscar por nós, e un deles era o meu pai. Berramos canto puidemos e deron con nós nun momento. Agora si que empezamos a chorar os dous; emoción , alegría, medo xa non sabía o que era. Despois de chorar démonos conta que non estabamos tan lonxe das casas, pero os nervios xa non nos deixaban pensar con claridade.

Por sorte os nosos pais non nos berraron por estar perdidos no monte e ter tan pouca cabeza de alonxarnos tanto das casas.

Ao dia seguinte na escola non se fala doutra cousa, eramos a novidade do día. A historia no monte servíume para gañar un amigo para toda a vida, un verdadeiro amigo.